



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE, A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA, NO MARCO DA 32ª EDICIÓN DA BIENAL DE PONTEVEDRA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A secretaria xeral técnica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude,

DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral Técnica ten previsto formalizar coa Axencia de Turismo de Galicia e a Deputación Provincial de Pontevedra o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a Axencia de Turismo de Galicia e a Deputación de Pontevedra para facilitar recursos para a promoción e visibilidade da Bienal tanto a nivel rexional como nacional, utilizando as súas canles de comunicación institucional e colaborando na creación de material promocional.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a Axencia de Turismo de Galicia e a Deputación Provincial de Pontevedra consideran esencial o establecemento de accións conxuntas que permitan desenvolver a 32ª Edición da Bienal de Pontevedra.

Dada a especificidade e exclusividade das actuacións a realizar baseadas en criterios obxectivos, non é posible promover a concorrència, polas especiais características da entidade coa que se convenia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria.

